

ACTA DA ASAMBLEA XERAL

Asamblea xeral convocada pola ANPA BRIGANIUM, con data 27 de Setembro do 2013.

- Inicio da assemblea en segunda convocatoria, cun número de asistentes de 44 persoas, ás 7:35 da tarde. Persoas da anpa presentes: Lupe Lema, Amaya García, José Manuel Naveira, María Rufino, Fran Ares, Moncho Bouzas, Fernando Suárez, Xulia Hernández.

Fai una pequena presentación Fernando Suárez.

- Aprobación da Acta da assemblea anterior.

Queda aprobada por maioría absoluta.

- Estado de contas.

Presentación do estado actual de contas da anpa, por parte de José Manuel Naveira.

Balance curso 2012-2013

Saldo a 01-06-201221.676,47 euros.

Ingresos 54.008,15 euros.

Gastos 55.502,74 euros.

Saldo a 31-05-2013 20.181,88 euros.

Faise mención de que a partir do 15 de Maio do 2013, ábrese unha nova conta no banco Etcheverría.

De seguido, móstrase una gráfica dos gastos realizados.

Procédese á votación das contas presentadas, resultando ser aprobadas pola maioría.

- Axendas Escolares.

Preséntanse as novas axendas escolares, por parte de Lupe Lema. Faise constar que a editorial non mandou todas as axendas contratadas, e ponse en coñecemento da asamblea que se fará a reclamación pertinente.

- Información sobre o curso 2013-2014.

Amaya García da a coñecer a información facilitada pola Dirección do Colexio do número de alumnos, e a súa distribución por clases. Hai un total de 965 alumnos, repartidos como segue:

- Total alumnos Educación Infantil..... 294.
- Total alumnos 1º Ciclo Primaria 244.
- Total alumnos 2º Ciclo Primaria 220.
- Total alumnos 3º Ciclo Primaria 207.

Infórmase a asamblea que o equipo directivo do centro dará unha charla informativa nunha data por determinar no mes de Outubro.

Faise saber á asamblea que o Consello Escolar elixiu como días non lectivos de libre elección o 14 de Febreiro e o 2 de Maio.

- Situación do colexio novo de infantil.

Fernando Suárez fai un repaso da loita por conseguir un colexio de infantil novo, a través dos titulares de prensa dende Xaneiro ata hoxe.

Houbo unha reunión da ANPA cos representantes políticos e o alcalde. Informaron na reunión que as obras comezan en 15 días. Os técnicos din que hai tempo para rematar o colexio para o curso que ven, e a Consellería asegura que as obras comezarán nun prazo de 15 días.

A mensaxe que se quere transmitir dende a ANPA é COLE NOVO, SETEMBRO 2014, SI OU SI.

- Actividades extraescolares 2013-2014 e resto de programación.

Xulia Hernández expón que hai ofertadas 11 actividades extraescolares, e un total de 330 nenos inscritos nelas. Hai incorporación de actividades novas, como Expresión Corporal e Tenis, e outras dánse de baixa por non cubrir o cupo mínimo de nenos inscritos, como Atletismo, Conxunto Musical, Badminton e Ciclismo.

Este ano as anpas do Carregal, Mariñas e Brigantium, colaboran para poder ofertar as actividades a todos os alumnos destes centros.

As actividades darán comezo o Martes 1 de Outubro e finalizarán a finais de Maio.

A cuota das actividades para socios do Anpa é de 60 euros/actividade/curso e para non socios é de 100 euros /actividade/curso. O pago pode fraccionarse en dous, un 1º pago na primeira quincena de Outubro, e un 2º pago na primeira quincena de Xaneiro.

Fran Ares fala das bases para concursar no certame de pintura de Fertiberia. A Anpa organiza un concurso paralelo ó certame, elixindo os mellores debuxos realizados por alumnos do noso centro, e premiándoos.

Infórmase de que se realizará o Festival de Nadal, coa presenza este ano dun contacontos.

Realizaranse este ano tamén as Xornadas de Atención á Diversidade, como en anos anteriores.

- Detectives Brigantium.

Moncho Bouzas explica á assemblea a maneira de poder realizar esta actividade que, se ben é apoiada e promocionada pola Anpa, debe ser realizada polos propios pais en colaboración co titor/a de cada curso onde se leve a cabo a actividade escollida.

Fai tamén Moncho un chamamento ós pais para unirse á Anpa.

- Cómo facerse socio.

María Rufino indica os pasos para facerse socio. O prazo para facerse socio/a da Anpa, remata o día 15 de Novembro do 2013. Os formularios están na secretaría do centro, e hai que presentar o xustificante do ingreso bancario xunto co formulario debidamente cumprimentado. As vantaxes de ser socio da Anpa son varias: descontos nas actividades extraescolares, descontos en comercios colaboradores, participación activa na vida escolar dos nosos fillos... etc.

- Reorganización da xunta directiva. Altas e Baixas.

Os seguintes integrantes da directiva danse de baixa:

- ~ Fernando Suarez.
- ~ María José Roca.
- ~ María Cortés.
- ~ Angel Manuel Castiñeira.

Procedese á aprobación da nova directiva, quedando aprobada como sigue:

- ~ Amaya García Sánchez Presidenta.
- ~ Lupe Lema Senande..... Vicepresidenta.
- ~ Julia Hernández Iglesias Secretaria.
- ~ Francisco Ares Torrado Tesoureiro.
- ~ José Manuel Nogueira Naveira Voceiro.
- ~ Ramón Manuel Bouzas Tobío Voceiro.
- ~ María Jesús Regueiro Sánchez Voceira.
- ~ María Rufino Amor Voceira.
- ~ Marta Castro López Voceira.

Unha asistente á asamblea fai unha petición para que cada membro da nova directiva faga unha pequena presentación de si mesmo.

- Suxestión e preguntas.
 - Unha nai pregunta sobre a posibilidade de incorporarse nunha actividade unha vez rematado o prazo de inscrición. Respóndeselle que sempre que o monitor non teña o cupo cuberto non hai problema.
 - Outra nai pregunta se os monitores das actividades e os do comedor levaban ós nenos ás actividades. Faiselle saber que non é a obriga dos monitores coidar dos nenos unha vez acabada a actividade. Non obstante, pódese falar co monitor dunha forma particular e, se non ten inconveniente, pasaría ó neno. Cos monitores do comedor pasa o mesmo. Non están obrigados e, se o fan, e por vontade propia.
 - Outra dúbida dunha nai: se hai algunha persoa encargada de coidar os nenos dende que remata o comedor ata o comezo da actividade una hora despois. Reiterase que o que se oferta son actividades extraescolares, non servicios de gardería. Os nenos son responsabilidade dos pais no momento en que non están na actividade extraescolar.

- Preguntan pola forma de pago e o material necesario para cada actividade. Comunícase que se repartirá entre os nenos das actividades unha circular detallando a conta da Anpa no banco Etcheverría e os prazos dos pagos. En canto ó material, o monitor da actividade dirá o primeiro día o material que deben levar os/as nenos/as, se fose necesario.
- Preguntan así mesmo por onde se fan as actividades. Detállanse as instalacións de que dispoñemos para a realización das mesmas, a saber: Pavillón do Vales Villamarín, Patio cuberto, Sala multiusos do edificio de Infantil, Salón de Actos, Pavillón do Aguiar.
- Pregunta sobre a supresión da actividade de ciclismo. Non se cubriu o cupo necesario e decidiuse suprimila. Non obstante, teñen a posibilidade de practicar este deporte no Clube Ciclista Betanzos, que é o que daba esta actividade.
- Faise mención da falta dunha actividade para nenos de 4 a 6 anos os Martes. Tampouco houbo o mínimo de nenos inscritos para unha posible actividade de contacontos, daquela non se levou a cabo.
- Fran, do Anpa do Aguiar, fai unha petición para manter informados ós pais para seguir coa defensa do ensino público.
- Un pai fai mención de dous problemas endémicos deste centro. Un a entrada e saída dos nenos cando chove, proponendo cubrir ás aceras e a entrada do patio cuberto. O outro problema é o do tráfico e estacionamento nas horas punta de entrada e saída. Faise unha petición á administración para reclamar terreos colindantes ó colexio e adicalos a aparcamento. Faise saber que se tramitará a petición á administración correspondente. Amaya fai mención do proxecto da Anpa de vir andando ó cole, organizando unhas rutas seguras, con sinalizacións no chan e pais/nais voluntarios que fixeran un seguimento dos nenos nas rutas.

- Pregúntase polos cursos de Educación Vial que organizaba o Concello en colaboración coa dirección do Centro. A Anpa preguntará por esos cursos e ver se son posibles.

Fin da asamblea ás 21:15.



Amaya García Sánchez



Fernando Suárez Menéndez.



Julia Hernández Iglesias